



De retorno á estrada de Valdoviño C-646 a poucos metros está indicado o desvío a man esquerda, que nos levará ao *Convento de Baltar*, adosada ó cal unha moderna capela cun campanario, escalinata e un retablo neobarroco no interior.

De Valdoviño cruzamos a Sedes a través da estrada de A Carreira para visitala *Igrexa de San Estebo* cuxa fachada e torre perfilanse co estilo barroco, sobrio e elegante. Neste caso encontramos o cruceiro levantado no atrio.

Sedes alberga a popular *Feira do Trece* emprazamento da recreación celta cada ano a finais do mes de xullo, con *Oenach Atlántico* que inclúe mercado celta e representacións teatrais nocturnas no Castro. Alí atópase a *Capela de Santa Lucía* relacionada quizáis cun antigo culto á luz, de aí a orixe do nome do lugar en relación á festividade que se celebra o trece de decembro, día de Santa Lucía *cando mengua a noite e crece o día*.

Abandoamos Sedes pola AC-112 e desviándonos en Vilallonte áchase a *Capela de San Vicente de Placente*, aínda que restaurada posteriormente cun aspecto moito máis moderno, documentos demostránnos que xa existía no século XVI. Ten ademáis un pequeno cruceiro na parcela do campo que acompaña ó conxunto.

Retomamos andares cara Pedroso, estrada de San Sadurniño AC-112 ata *Nosa Señora da O* homenaxeada polos seus devotos a segunda fin de semana de maio, como agradecemento por propiciar as choivas en épocas de sequío era paseada en romaría.

No centro de Pedroso unha igrexa máis moderna evoca o antigo mosteiro medieval cunha serie de lápidas na porta principal. Outro caso en que o cruceiro, feito en pedra serpentina, atópase no interior do templo, situado no atrio.

De regreso o centro de Narón aínda nos esperan varias paradas obrigadas, tomaremos a estrada C-641 Ortigueira-Ferrol para ver a *Igrexa de San Lourenzo de Doso* aínda que bastante deteriorada polo paso do tempo, o seu encanto reside na bóveda de canón e a torre do seu campanario de estilo rural, créense orixinais do século XVI.

*San Xiao de Narón* tamén posúe unha encantadora igrexa parroquial e despois de situarnos nówamente na Estrada de Castela, no número 954 visitaremos para rematar, *Santa Rita de Xuvia* de estilo ecléctico.



A súa fachada principal remata en dúas torres campanario, un arco de medio punto encadra a porta principal con decoración no tímpano. Ten unha pranta rectangular dividida por arcos faxóns formando bóveda de canón.